abril 2007
nova escola galega
movemento galego de renovación pedagóxica
Opina

# NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ENSINO

Co gallo do proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a promoción do galego no ensino, no marco da lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Hai poucas semanas deuse a coñecer o texto do novo decreto que vai regulamentar o uso do galego no ensino non universitario. Os comentarios dos medios de comunicación salientaron especialmente o feito de que o texto tivese o consenso das forzas políticas con representación no Parlamento, o que, en principio, é unha boa noticia. As valoracións da maioría das entidades e organismos relacionados coa lingua e a cultura foron favorables, polo que o optimismo (tan desexado) empezou a tomar corpo nos sectores máis relacionados con esta tarefa.

## Antecedentes

Nova Escola Galega, desde o comezo da súa andaina aló polo 1983, sempre tivo como un dos seus eixes fundamentais a pretensión de acadar a plena normalización da lingua e da cultura galega. Traballou arreo neste eido, organizando numerosas xornadas e encontros sobre este asunto, froito dos cales se editou *Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego* (1988).

Promovemos un acordo entre moitas outras entidades e organizacións vinculadas á lingua e/ou ao ensino, xerando conxuntamente o documento chamado *Modelo de normalización lingüística para o ensino*, publicado no 1989 e dado a coñecer á opinión pública e á propia Administración, co ánimo de que se camiñase na súa aplicación.

Dez anos máis tarde procedemos a revisar aqueles modelos á luz da situación daquel momento, e editamos un novo *Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego* (1999), que pode lerse na nosa web (http://www.nova-escola-galega.org). En setembro do 2004 fixemos unha nova difusión por medio do NEG Opina da publicación de nome *Educar en galego: o compromiso renovado*, que tamén pode mirarse na nosa páxina web.

Analizamos neste número o *Proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a promoción do galego no ensino, no marco da lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, co fin de podermos realizar unha achega que permita avaliar de xeito acaído, alén das primeiras impresións manifestadas por diferentes entidades, esta primeira iniciativa do actual goberno a prol da normalización lingüística no ensino.

*Na súa esencia o termo normalización deriva da expresión «facer normal». Aplicado o concepto á cuestión lingüística, o proceso de normalización debe procurar que a lingua galega acade un status de normalidade en todos e cada un dos ámbitos da vida dos galegos e galegas, un status que lle foi usurpado por razóns históricas, sociais e políticas ó longo dos seis-cinco últimos séculos. Na concepción dese status de normalidade é precisamente onde se presenta o debate sobre a cuestión.*

---

*O ensino, ademais de ser un dos eidos para os que se debe recupera-lo idioma galego en tódolos ámbitos de uso -administración, relacións interpersoais e docencia-, amósase como un campo privilexiado para o proceso de recuperación social da lingua galega. Esta importancia está determinada pola súa contribución á consecución de tres obxectivos fundamentais para ese proceso:*

*· Dotar ó alumnado de competencia lingüística plena en galego.*

*· Dotar ó alumnado de actitudes favorables para a lingua galega e para o seu proceso de recuperación social.*

*· Adquirir usos lingüísticos a prol da lingua galega.*

---

*Nos últimos vinte anos os esforzos normalizadores centráronse practicamente en exclusiva na lingua, entendendo esta como o auténtico lábaro no que se identifica Galicia. Os resultados acadados con estes esforzos, segundo se sintetizaron máis arriba, veñen demostrar, alén do feito constatado de que o ensino non recibiu a axuda que debera doutros ámbitos da vida social na procura da normalización do idioma, que o enfoque que guiou os esforzos foi reduccionista en exceso.*

---

*Unha iniciativa normalizadora deseñada dende o ensino non debe esquece-las outras manifestacións que conforman, xunto á lingua, o armazón cultural galego. Normaliza-la lingua implica, tamén, que a escola asuma o obxectivo de normalizar -dende o seu ámbito- a realidade galega no seu conxunto.*

---

Do *Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego* (NEG, 1999)

## Algúns indicadores sociolingüísticos

Nos documentos anteriormente citados xa se recollían algúns datos seleccionados dos que naquel momento se podía dispoñer. Na actualidade, os indicadores dos que podemos botar man para a análise da situación lingüística son xa abundantes e mesmamente podemos tirar algunhas conclusións tocante ás tendencias que o idioma vén amosando nos últimos tempos.

Dos múltiples traballos que se realizaron, baseados fundamentalmente no Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG), nas Enquisas de Condicións de Vida das Familias (ECVF, do IGE, recollidas desde o ano 1999) e noutros inquéritos levados a cabo no mundo do ensino, como os da Consellería de Educación (1998), CIG-ASPG (2001), mais outros de carácter máis local, recollemos a seguir algúns aspectos extraídos das seguintes publicacións:

· Sección de Lingua, (2002), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000), Volume II*, Consello da Cultura Galega.

· Sección de Lingua, (2005), *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia* (1992-2003), Consello da Cultura Galega.

· Xaime Subiela Pérez, (2001), *Análise politolóxica do proceso de normalización lingüística en Galicia. V Encontros para a normalización lingüística*, Centro de documentación sociolingüística de Galicia.

· Gabriel Rei-Doval, (2007), *A lingua galega na cidade no século XX*. Ed. Xerais.




*Lingua inicial no MSG e na ECVF.*
A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)

### Lingua inicial

A lingua inicial dos/as galegos/as no 2003 era a galega para o 53,7% da poboación, case nove puntos por debaixo do que era dez anos atrás. O castelán como lingua inicial medra nese período un 3,2%. Aínda así, o galego é a lingua inicial porcentualmente máis alta de Galicia.

A curva decrecente do galego como lingua inicial vai dende o 76,4% nos maiores de 65 anos ao 33,3% dos menores de 16 (-43,1%). O castelán como lingua inicial pasa do 3,7% para os maiores de 65 anos ao 45,1% para os menores de 16 (+41,4%). Aumenta en 11 puntos a incidencia dos/as que din aprender a falar nas dúas linguas.

O galego como lingua inicial segue descendendo conforme diminúe a idade.

A tendencia semella clara: aumento preocupante do castelán como lingua inicial en detrimento do galego.




| | Máis de 65 | De 56 a 65 | De 46 a 55 | De 36 a 45 | De 26 a 35 | De 16 a 25 | Menos 16 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Lingua fillos | 3,30 | 3,00 | 2,79 | 2,59 | 2,46 | 2,41 | |
| Lingua parella | 3,46 | 3,25 | 3,00 | 2,69 | 2,35 | 2,24 | |
| Lingua irmáns | 3,54 | 3,34 | 3,14 | 2,80 | 2,48 | 2,39 | 2,29 |
| Lingua pais | 3,58 | 3,40 | 3,23 | 2,93 | 2,65 | 2,57 | 2,40 |
| Lingua avós | 3,67 | 3,51 | 3,37 | 3,08 | 2,86 | 2,83 | 2,52 |

*¿En que lingua falas cos...? Resultados por idades.*
A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)




*¿En que lingua aprendeu a falar? Resultados comparados por idade.*
A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992 - 2003)




*Porcentaxes segundo lingua habitual (1992 - 2003)*
A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992 - 2003)

## Lingua habitual

No período citado do 1992 ao 2003, aumentou a porcentaxe de monolingües en galego (+5%) e a dos monolingües en castelán (+7,9%). Así mesmo, constátase que diminúe a porcentaxe dos que usan máis o galego (-10,9%) e a dos que din usar máis o castelán (-2,6%).

A lingua galega utilizada nas interaccións familiares vai descendendo dende medias próximas ao uso único do galego para os maiores de 65 anos ata a predominancia da castelán nos máis novos.

A lingua galega en 2003 segue sendo a máis utilizada en Galicia, malia que no período indicado o seu uso decreceu. O grupo máis numeroso é o dos falantes monolingües en galego.

Detéctase unha tendencia cara ao monolingüísmo, crecendo máis a porcentaxe de falantes monolingües en castelán ca a de individuos monolingües en galego.

O galego como lingua habitual segue descendendo conforme diminúe a idade das persoas.

A tendencia tamén parece evidente: aumento acelerado do castelán como lingua habitual en contra do galego.

*Son os cambios producidos na estrutura social de Galicia durante os últimos corenta anos os que dan conta dun cambio lingüístico asociado.*

*Na actualidade estamos ante un proceso de non reprodución da lingua galega, isto é, pais galego- falantes non lles falan aos seus fillos en galego, o que supón que se vaia perdendo o idioma de xeración en xeración. Cómpre sinalar que este proceso xa comezara antes da intervención política da Xunta de Galicia. Isto é, trátase dun proceso asociado ao problema social de fondo, un proceso que comezou xa nos anos 60, polo que non é recente senón que vén de moi atrás e contívose nos últimos anos coa intervención política pero non se superou.*

*A segunda cuestión relevante na actualidade é o aumento do prestixio da lingua. A lingua foi gañando espazos públicos e, á inversa do que sucedía antes, canto máis público é o espazo máis presenza do galego existe, sobre todo en ámbitos moi formalizados, de maneira que a máis escrito máis público (se é oral, se cadra xa non tan público); a maior presenza nos medios de comunicación máis público, ou ben espazos claramente connotados co mundo público, como pode ser o mundo da política, pasan a funcionar case exclusivamente en galego (publicidade política, debates parlamentarios...). Con todo, isto pode ter unha lectura crítica xa que podemos estar asistindo a un proceso de ritualización do galego, feito que é percibido por amplos sectores da poboación.*

*Chegamos á conclusión de que en boa medida os obxectivos da política lingüística eran moi ambiguos. Había unha indefinición moi clara dentro das accións da Xunta de Galicia, mesmo en elementos centrais, porque iso promovía o consenso. Se colectivos distintos entenden cousas diferentes por normalización lingüística, é doado que se favoreza o consenso se non se afina máis, pero se se fai pode haber conflito. Polo tanto procúrase a ambigüidade na lei para favorecer espazos de consenso mínimos.*

*Agora ben, se se analiza un pouco máis compróbase que houbo unha ineficacia das políticas lingüísticas da Xunta de Galicia en canto ao mantemento e á recuperación dos usos do galego. Se é verdade que se contivo en boa medida o proceso de non reprodución da lingua galega, tamén é certo que non se chega, a estas alturas, a ser capaces de invertelo e cada vez toca unhas cotas máis baixas (o castelán é con claridade a lingua hexemónica das xeracións máis novas), polo que a medida que se vaia completando o proceso vexetativo, isto é, cando vaian morrendo as xeracións galegofalantes, o castelán pasará a ser a lingua maioritaria de Galicia.*

Xaime Subiela Pérez, (2001), *Análise politolóxica do proceso de normalización lingüística en Galicia. V Encontros para a normalización lingüística.*Centro de Documentación sociolingüística de Galicia.

## A lingua nas cidades

Se nas páxinas anteriores faciamos unha aproximación ao conxunto de Galicia, imos ver agora algúns indicadores da situación da lingua nas sete principais cidades galegas.
Recollemos datos dos ofrecidos na obra citada: Gabriel Rei-Doval, (2007), *A lingua galega na cidade no século XX*. Ed. Xerais.

### Lingua inicial

A lingua inicial dos/as galegos/as nas cidades é a galega para o 35,3% da poboación. O castelán como lingua inicial dáse no 48,4%.
Se ben no conxunto do país o galego é a lingua inicial con porcentaxe máis alta de Galicia, nas cidades invértese a situación.
A curva decrecente do galego como lingua inicial nas cidades vai dende o 59,8% nos maiores de 65 anos ao 12,2% dos de entre 16 e 25 (-47,6%). O castelán como lingua inicial pasa do 27,9% para os maiores de 65 anos ao 68,9% para os de entre 16 e 25 (+41%). Aumenta en 6,2 puntos a incidencia dos/as que din aprender a falar nas dúas linguas.




O galego como lingua inicial segue descendendo conforme diminúe a idade. Se comparamos estes resultados cos do conxunto de Galicia constatamos que é no ámbito das cidades onde se dá case a mesma porcentaxe media ca no conxunto do país, polo que se pode afirmar que a situación máis desfavorable para o idioma se dá xustamente no medio urbano.
A tendencia é tamén reveladora do considerable aumento do castelán como lingua inicial e a baixada do galego.

### Lingua habitual

Podemos apreciar como, dos falantes iniciais de galego só continúan sendo monolingües o 30,9%, mentres que o 55,3% declaran falar máis galego e o 13,2% máis castelán.
En sentido contrario, dos falantes iniciais de castelán continúan sendo monolingües o 43,1%, manifestan falar máis castelán o 46,8% e unicamente o 9,1% máis galego.
Tocante á idade, o uso do galego vai dende o 24,9% de monolingües e o 39,2% de máis galego nos maiores de 65 anos ao 4,1% de monolingües e o 12,8% de máis galego no grupo de 16 a 25 anos.
As porcentaxes de uso monolingüe do castelán ou máis castelán aumentan en sentido inverso de xeito abafante: de 14,8% e 21,1% nos maiores de 65 anos a 32,1% e 51% no grupo máis novo.
Analizando os usos lingüísticos dos/as entrevistados/as en relación coas dúas xeracións anteriores e sumando os usos monolingües de galego (moi maioritarios nas xeracións máis vellas) e os de máis galego, obtemos a seguinte curva decrecente: 80,9% - 54,7% - 42,7%.





É dicir, en tres xeracións o galego como lingua habitual nas cidades quedou reducido a aproximadamente a metade.

As gráficas amosan tamén diferentes situacións segundo a cidade da que se trate, tanto no tocante á lingua inicial como a respecto da lingua habitual.

A tendencia neste eido non só corrobora as anteriores senón que as evidencia de maneira máis nítida.

En consecuencia, a investigación recollida na obra citada permite confirmar o proceso de substitución do galego polo castelán nas sete grandes cidades do país.


















## A lingua na escola

Unha pequena viaxe polos datos que sobre a escola e a lingua se recollen nos documentos mencionados permítenos chegar á conclusión de que o labor normalizador desta institución non foi nin con moito o decidido que debera para contribuír de xeito eficaz á reversión da tendencia á substitución lingüística. Máis ben, como apuntan algúns autores, nin sequera contribuíu eficazmente á adquisición da competencia na lingua.

Podemos comprobar como en ningún dos niveis de educación infantil ou primaria se chega ao 50% de utilización oral do galego, mesmo sumando o uso só de galego e o das dúas linguas. Pola contra,o uso oral do castelán é moi maioritario.




| | Infantil | Primeiro | Segundo | Terceiro | Cuarto | Quinto | Sexto |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Galego | 22,1 | 31,6 | 27,6 | 30,7 | 31,4 | 27,1 | 31,8 |
| As dúas | 14,0 | 8,9 | 9,2 | 16,0 | 21,4 | 15,7 | 13,6 |
| Castelán | 53 ,5 | 48,1 | 51,3 | 41,3 | 34,3 | 44,3 | 40,9 |
| NS/NC | 10,4 | 11,4 | 11,9 | 12,0 | 12,9 | 12,9 | 13,7 |

*Lingua utilizada oralmente na Educación Infantil e Primaria (en %).*
O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000), Volume II.




*Distribución dos modelos lingüísticos de docencia segundo os equipos directivos.* O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000), Volume II.

*ModeloA:* Todo en castelán agás as materias que obrigatoriamente se deben impartir en galego.
*Modelo B:* Todo en galego agás as materias que obrigatorimente se deben impartir en castelán.

*Así mesmo, cubrindo o espazo que na teoría fishmaniana ocupaban os* dominios, *atopamos nestes autores* (Euromosaic) *a existencia das* axencias. *As principais, na súa opinión, son tres: familia, educación e comunidade, mentres os medios de comunicación constituirían unha axencia secundaria.*

*A terceira axencia primaria de produción e reprodución é a educación. Xa nos referimos á forte interacción existente entre vontade política e capacidade desta axencia para influír. A súa capacidade ten que ver cunha dobre función: por unha banda ofrece un soporte ideolóxico á vida do individuo e, por outra, prepárao para inserirse no mercado laboral. Por iso, a preparación que estes leven pode condicionar grandemente a súa futura actuación no mundo socioeconómico que previsiblemente o vai acoller. Neste contexto, é moi interesante poñer en relación as tres axencias fundamentais para determina-las posibilidades reais de transforma-las capacidades en competencia e despois en uso.*

*Coidamos que existe unha importante relación entre o dominio oral do galego e o seu uso. En certo sentido, a relación entre estas dúas variables é recíproca: úsase na medida en que se coñece e coñécese na medida en que se usa.*

*Como é ben coñecido nas actuais tecnoloxías do ensino, non é posible ensinar con eficacia unha lingua para a que non existe o suficiente respaldo desde a familia, desde a sociedade ou desde ambas. O estímulo e o sentimento de que o que se está a aprender é útil son fundamentais, en particular nunha materia tan especial coma a lingua, que só se domina plenamente coa práctica. Para que esta se dea é necesario que exista un uso social. En caso contrario, nin a competencia permitirá que os alumnos interactúen axeitadamente na sociedade nin esa competencia se ha manter moito máis aló do remate da época escolar. E, por suposto, esta aprendizaxe dificilmente pode producir como resultado a reversión da substitución lingüística.*

*Así, traballar desde estes novos tipos de sociedade implica tamén ocuparse de organizar moitas pequenas cousas que inflúen nesas axencias, e que van desde as garderías ata os diversos lugares onde os nenos botan boa parte da súa vida.*

*Polo tanto, na actualidade o sistema escolar do noso país non só non frea a desgaleguización senón que contribúe a promovela.*

Gabriel Rei-Doval, (2007), *A lingua galega na cidade no século XX.*




| | Máis de 65 | De 41a 65 | De 26 a 40 | De 16 a 25 | Menos 16 |
|---|---|---|---|---|---|
| Lingua na clase | 1,44 | 1,29 | 1,56 | 2,10 | 2,48 |
| Lingua dos exames | 1,20 | 1,17 | 1,39 | 1,90 | 2,29 |
| Lingua escrita na escola | 1,23 | 1,17 | 1,36 | 1,87 | 2,26 |
| Lingua profesores | 2,05 | 1,71 | 1,82 | 2,20 | 2,29 |
| Lingua compañeiros | 3,30 | 2,92 | 2,39 | 2,31 | 2,22 |

*Medias de uso na escola*
A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992 - 2003)

Dende unha perspectiva diacrónica, aumenta o uso do galego nas clases mentres diminúe cos compañeiros e compañeiras.
Cómpre salientar a notable diferenza entre a rede pública e a privada no tocante á lingua e o alto nivel de incumprimento mesmo dos mínimos legais requiridos.
Os indicadores que amosamos nestas páxinas son por si mesmos determinantes para chegarmos ás conclusións indicadas e non precisan de maiores comentarios.
Achegamos, tamén, algúns parágrafos extraídos das obras citadas, que poden servir de orientación a respecto das consideracións e conclusións tiradas polos mesmos autores.




| | Infantil | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Privado | 14,3 | 20,0 | 14,3 | 15,4 | 18,2 | 16,7 | 7,7 |
| Público | 23,6 | 34,4 | 30,6 | 33,9 | 33,9 | 30,8 | 37,7 |

*Utilización oral da lingua galega no ensino infantil e primario segundo o tipo de centro (en %).*
O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000), Volume II.

## Na escola das cidades

No tocante ás cidades, os gráficos que achegamos tomados da obra mencionada de Gabriel Rei-Doval, (2007), *A lingua galega na cidade no século XX*, ilustran tamén de xeito suficiente a situación minorizada da lingua galega, con especial incidencia nas cidades.

Tamén no eido específico da educación escolar se pode concluír que é precisamente nas cidades onde se están dando os maiores índices de perda de usos e de competencia lingüística do galego, nun proceso que amosa unha brutal e acelerada curva descendente, sobre a que se demostra que as medidas de normalización lingüística tomadas ata agora non foron suficientes nin sequera para o mantemento da situación de partida.
A elevadísima presenza do castelán nas escolas cidadás e o aumento progresivo en detrimento do galego dende o punto de vista diacrónico chama a atención sobre a necesidade urxente de actuacións de inmersión lingüística neste ámbito.















*De entre tódolos obstáculos que tivemos ocasión de comentar –tanto na mostra de centros coma no estudio de casos–, debemos salientar aquí os seguintes:*

*1. A ambientalidade lingüística é moi favorable ó castelán e moito menos favorable ó galego, mesmo nos casos nos que a lingua ambiental predominante é o galego. Isto constátase cando observámo-la lingua habitual do alumnado e das súas familias, así como os datos da lingua habitual da contorna dos centros de ensino.*

*2. Os obxectivos de normalización lingüística no ámbito educativo son, en xeral, pouco ambiciosos desde a perspectiva dos sectores lingüísticos, educativos e sociais máis preocupados por ela. Se ben o obxectivo central da lexislación (conseguir que os alumnos e alumnas sexan competentes nas dúas linguas oficiais) é ambicioso, os obxectivos dunha boa parte dos centros, se temos que xulgalos pola súa práctica, resultan moi modestos respecto do que se marca desde a legalidade.*

*3. Os 'mínimos' legais na docencia en galego –os establecidos no Decreto 247/1995– tenden a interpretarse en moitas ocasións como 'máximos'. É dicir, na súa planificación práctica (e, en moitos casos, tamén nos papeis teóricos) os centros reproducen a parte común que a Administración deseñou para o conxunto dos centros de Galicia, pero esquecen –moitas veces de boa fe– a parte que esa mesma Administración demanda que planifiquen eles, en función das súas circunstancias específicas. Isto leva a que o mínimo legal, nunha parte maioritaria dos centros, se converta na práctica no tope máximo. E coa simple aplicación deses mínimos, cómpre sinalalo, faise difícil conseguir-los obxectivos xerais que demanda o mesmo decreto.*

*4. Esta situación é particularmente grave nos cursos de Educación Infantil e de 1º ciclo de Educación Primaria (sobre todo se están en ámbitos urbanos ou se son privados, aínda que tamén se dá noutros ámbitos). Amparándose nunha lectura restrinxida da lexislación, onde se di que o profesorado usará "a lingua predominante entre os alumnos", emprégase maioritariamente o castelán, esquecendo que a lexislación tamén di que nesas aulas se realizarán as actividades orais e escritas que permitan acadar unha competencia axeitada á idade na outra lingua oficial. Téñase en conta que estes anos son básicos na aprendizaxe lingüística, sendo ademais aqueles nos que se produce a iniciación lectoescritora.*

*5. Que existan os ENL e que estean regulamentadas*

*No medio urbano a lingua galega veuse adquirindo ata o de agora maioritariamente no seo da familia. O 70 por cento dos cidadáns galegos atópase nesta situación. De entre as demais institucións socializadoras, a escola semella se-la máis importante transmisora do idioma: o 10,9% dos casos.*

*Esta porcentaxe é moi indicativa de ata que punto en Galicia, mesmo no medio urbano onde en principio menos se fala, unha situación diferente de uso preferente do galego non presentaría grandes dificultades de cara á intercomunicación entre a poboación.*
*En definitiva, atopámonos ante unha escola urbana cunha poboación moi castelanizada de seu, na que unha recuperación do galego, tanto sectorial como inserida en estratexias máis globais, precisa dunha aposta decidida. Ó mesmo tempo, é evidente que, tanto dende unha perspectiva diacrónica como sincrónica, se pode documenta-la tendencia castelanizadora da escola galega, que nin sequera garante unha boa competencia en galego naqueles que o aprenden no seu seo.*

Gabriel Rei-Doval, (2007), *A lingua galega na cidade no século XX*.

No momento en que este NEG Opina está en proceso de edición, aparece unha publicación do Consello escolar de Galicia que, baixo o título de Evolución e estado actual do sistema educativo en Galicia, achega tamén un capítulo referido á normalización. Velaquí estes parágrafos extraídos das conclusións dese apartado:

*- Existe un grao de fracaso insólito da lexislación, pois nin sequera se cumpre a normativa naquelas materias na que o galego é obrigatorio, polo tanto a normalización que a lei preconiza está moi lonxe de acadarse.*
*- Formalmente, aparecen datos próximos á normalidade no uso da lingua galega na ESO —nas materias nas que é obrigado—, aínda que no resto o equilibrio está moi lonxe de lograrse, pero é inadmisible o incumprimento da norma en bacharelato e FP (...)*
*- A situación máis deficitaria para a lingua galega atópase na educación infantil e na educación primaria, especialmente no primeiro ciclo. Isto é especialmente grave porque pode representar en moitos casos unha desgaleguización no tránsito da familia á escola e, indirectamente, unha incentivación da non transmisión interxeracional deste idioma(...)*
*- Nestes mesmos treitos escolares, é significativa a desproporción no uso das linguas na aprendizaxe da lectura e da escritura, claramente favorable ao castelán.*
*Para avanzar na normalización da lingua galega, é tamén fundamental conseguir unha maior presenza desta na incorporación dos nenos á lingua escrita, porque isto marcará de maneira decisiva a súa relación posterior co idioma.*

*as súas funcións é algo moi positivo. Sen embargo os ENL contan con recursos económicos moi escasos, non se perciben como un órgano fundamental no centro, nalgúns casos ignoran o que realmente deberan facer por lei, non hai ningún tipo de estímulos para pertencer a el, etc. Bótase de menos unha maior coordinación intercentros ou comarcais nas actividades dos ENL ou unha programación periódica de actividades.*
*6. Persisten carencias formativas e pedagóxicas entre os docentes. Non nos debe resultar estraño, pois desde a Administración os esforzos de formación encamiñáronse, case en exclusiva, á adquisición da competencia lingüística necesaria (os cursos de iniciación e perfeccionamento). Pero as estratexias que necesita un ensino en dúas linguas, nunha realidade social de linguas en contacto, son descoñecidas para unha boa parte do profesorado, que ve como atrancos o que só son problemas pedagóxicos de doada solución. Por outra banda, séguense constatando certas limitacións e carencias de material didáctico específico, sobre todo en determinadas áreas de coñecemento.*
*7. Hai sectores sociais que demandan unha maior incidencia da normalización lingüística e que non ven asumidas ou realizadas esas reivindicacións.*
*8. Un sector dos docentes pensa que o "excesivo normativismo" supón un factor de disuasión, neles e no alumnado, á hora de emprega-lo galego, por mor da súa variabilidade e relativa imprevisibilidade.*
*9. Poucos centros escolares manteñen relacións fluídas con entidades e asociacións que desenvolven as súas actividades nos mesmos barrios, vilas ou cidades onde se insiren os centros. A participación dos centros de ensino en actividades e experiencias de orientación lingüística, onde tamén estean presentes entidades e asociacións da zona, debe ser un obxectivo prioritario de cara a darlles á planificación e á acción lingüística unha dimensión comunitaria e global.*

Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, (2002), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II.*

# A proposta de decreto

## Texto do proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a promoción do galego no ensino, no marco da lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A lingua constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.

O artigo 3 da Constitución establece a cooficialidade do galego xunto co castelán, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define ao galego como lingua propia de Galicia. Así mesmo establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en consonancia coas disposicións procedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais, nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, se pronuncia a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado Español en 2001.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004, establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.

Para conseguir estes fins cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios.

Neste senso é preciso reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitar ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, respectando ao mesmo tempo a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

A mobilidade de estudantes e profesores que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un obstáculo para acadar os obxectivos descritos, senón que ha de ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da súa lingua propia no ensino.

O «Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios» recoñece que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo; este feito ten que se ver agora completado por medio dunha normativa orientada á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, en uso das atribucións conferidas polos artigos 28.1 e 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

.....o Consello Escolar de Galicia,

.....o Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día,,,,,,,de dous mil .....

**Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

O presente decreto desenvolve a lei de normalización lingüística para a súa aplicación en todos os centros docentes que imparten as ensinanzas reguladas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Artigo 2.- Uso da lingua galega na administración educativa.**

1.- A Administración educativa de Galicia, os centros de ensino dela e o persoal ao seu servizo, utilizarán, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarán o seu uso oral e escrito tanto nas súas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.

2.- Os documentos administrativos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das súas delegacións e dos centros de ensino dependentes dela redactaranse, con carácter xeral, en galego, e neles constará o nome do centro e o topónimo do concello ou entidade de poboación na súa forma oficial.

3.- As actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, tales como actas, comunicados e anuncios, redactaranse, con carácter xeral, en galego. Tamén se redactarán en galego os procedementos tramitados a petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 3.- Plan de formación.**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverán un plan de formación, coa colaboración, se é o caso, doutras institucións, especialmente da Escola Galega da Administración

Pública, que garanta que todo o persoal dos centros educativos de Galicia teña unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e para desenvolver a súa actividade profesional en galego.

Nesta planificación, que terá unha execución gradual, fixaranse prazos e etapas, priorizándose a situación e os colectivos máis carenciais.

**Artigo 4.- Formación dos funcionarios en prácticas.**

Os aspirantes seleccionados nos procedementos selectivos de ingreso nos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, realizarán durante a fase de prácticas un curso de formación específico da terminoloxía, os estilos e as linguaxes propias da especialidade, que lles permita desenvolver correctamente en galego as súas funcións e tarefas.

**Artigo 5.- Horario da lingua galega.**

1.- Nas ensinanzas de réxime xeral e na educación de persoas adultas, recollidas na Lei Orgánica 2/2996, do 3 de maio, de educación, asignarase globalmente o mesmo número de horas o ensino da lingua galega e da lingua castelá.

2.- Nas clases de lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura, usarase respectivamente o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como parte do alumnado.

**Artigo 6.- Educación Infantil.**

Na etapa de educación infantil o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de

Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo.
No caso de contornos castelanfalantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza, será como mínimo igual á da lingua castelá e fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, na perspectiva de que este se converta no idioma base da aprendizaxe de modo que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e o profesorado.

**Artigo 7.- Educación Primaria.**

En toda a etapa da educación primaria garantirase que, como mínimo, o alumnado reciba o cincuenta por cento da docencia en galego, sendo de impartición obrigatoria en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía e dereitos humanos.

**Artigo 8.- Educación Secundaria Obrigatoria.**

1.- Na educación secundaria obrigatoria impartiranse en galego as seguintes materias: ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, matemáticas e educación para a cidadanía. Cando a materia de ciencias da natureza se desdobre en bioloxía e xeoloxía por un lado, e física e química por outro, ambas as dúas materias se impartirán en galego.
2.- Ademais das materias establecidas no apartado anterior, o consello escolar a proposta vinculante do claustro completará o número de materias, excluída a materia que a LOE determina que ten carácter voluntario para o alumnado, que garantan que como mínimo o cincuenta por cento da docencia se imparta en galego en cada un dos cursos desta etapa.
3.- A educación secundaria obrigatoria proporcionaralle a todo o alumnado unha boa competencia en lingua galega que repercuta de forma positiva no seu uso.

**Artigo 9.- Bacharelato.**

Polo que respecta as ensinanzas de bacharelato especificarase na normativa que desenvolva a lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación as materias que deberán impartirse en galego garantindo que, como mínimo, o alumnado reciba o cincuenta por cento da súa docencia en galego.

**Artigo 10.- Formación Profesional específica.**

Na formación profesional específica de grao medio e superior impartiranse en galego os módulos atribuídos á especialidade de formación e orientación laboral e os módulos profesionais que decida a dirección, oídos os departamentos da familia profesional aos que pertenza o ciclo, que deberán supoñer, como mínimo, que o alumnado reciba un cincuenta por cento da súa docencia en galego. En todos os módulos garantírase que o alumnado coñeza o vocabulario específico en lingua galega.

**Artigo 11.- Ensinanzas de adultos.**

1.- Nas ensinanzas de adultos nos niveis I e II impartirase en galego, como mínimo, o cincuenta por cento da docencia; no nivel III (ESO) e no bacharelato as ensinanzas impartiranse integramente en galego agás as materias doutras linguas.
2.- Establecerase un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentar en Galicia, que contemple formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.

**Artigo 12.- Elaboración e publicación de materiais curriculares en galego.**

1.- Nas áreas, materias ou módulos impartidos en lingua galega promoverase que o alumnado utilizará, con carácter xeral, o galego nas manifestacións oral e escrita, como traballos de aula ou exames.
2.- Os materiais que se empreguen nas áreas, materias ou módulos aos que se refire o parágrafo anterior estarán escritos con carácter xeral en galego, terán a calidade científica e pedagóxica adecuada e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia. Con este fin a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística fomentarán a elaboración e publicación dos materiais curriculares correspondentes.

**Artigo 13.- Proxecto lingüístico do centro**

1.- Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico no que se fará constar:
a) A lingua a empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 6 a 11.
b) As oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo con fin de acadar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística.
2.- Este proxecto será remitido aos servizos da inspección antes do 30 de setembro, que velarán por que o seu contido se axuste ao presente Decreto e que os obxectivos marcados se leven a cabo. Co fin de subsanar as eivas detectadas en cada curso, adoptaranse as medidas que permitan dispor dos medios materiais e persoais precisos para corrixilas no curso seguinte.
3.- Así mesmo no marco do proxecto lingüístico fomentarase o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice.
4.- En todo caso, para facer efectivo o dereito á educación, o profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua galega poidan seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lles impartan.

**Artigo 14.- Exención da cualificación das probas de lingua galega.**

1.- O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en cuarto de educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun pais estranxeiro con lingua oficial castelá, poderá obter a exención da cualificación das probas de avaliación de materia de lingua galega durante dous cursos académicos.
2.- A exención suporá unicamente a consignación de «exento» no libro de cualificacións e máis no expediente do alumnado.
3.- O alumno ou a alumna terá que asistir obrigatoriamente ás clases como medio de integración lingüística e coa finalidade de que, cun esforzo especial pola súa parte, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua dos seu profesorado, poida, ao remate do prazo da exención, ter un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel no que estean ou vaian a matricularse en igualdade de condicións cós demais compañeiros de clase.
4.- O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, tralos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, ao pai, nai ou titores legais, a revogación da exención.
5.- Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais ao final do curso no que se atopa.
6.- No respectivo libro de escolaridade e mais no expediente do alumnado farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

**Artigo 15.- Solicitudes de exención.**

1.- A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder en máis de dous anos consecutivos, conforme ao previsto no artigo 10 do presente Decreto.

2.- As solicitudes de exencións dirixiranse ás direccións dos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa. No casos dos centros privados a resolución corresponde á dirección dos centros públicos aos que estean adscritos.

3.- A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo de un mes, perante o delegado provincial da Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

**Artigo 16.- Alumnado anterior á incorporación da lingua galega ao sistema educativo.**

O alumnado que cursase estudos en Galicia con anterioridade a incorporación da lingua galega ao sistema educativo, e que queiran proseguilos, terán a obrigar de cursar esta materia e serán cualificados a partir do curso no que retomen os seus estudos.

**Artigo 17.- Equipos de normalización e dinamización lingüística.**

1.- Para potenciar o uso da lingua galega nos centros dependentes da Consellería de Educación e O.U. constituírase un equipo de normalización e dinamización lingüística, que actuará baixo a supervisión da xefatura de estudos, e que estará formado por profesorado, por representantes do alumnado, agás no ensino infantil e primario, e do persoal non docente.

2.- Os membros do equipo serán designados pola dirección do centro.

3.- O coordinador ou coordinadora do equipo de normalización e dinamización lingüística terá os mesmos dereitos administrativos e económicos que as xefaturas dos departamentos didácticos.

4.- A composición do equipo de normalización e dinamización lingüística para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cese e competencias do seu coordinador, serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos.

5.- Os equipos de normalización e dinamización lingüística deberán ter un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de normalización lingüística nos centros educativos, tal e como se prevé no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

**Artigo 18- Comisión de coordinación**

Coa finalidade de coordinar aos equipos de normalización e dinamización lingüística constituiranse comisións territoriais coa composición e funcións específicas que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**Artigo 19.- Divulgación das experiencias desenvolvidas nos centros.**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Secretaria Xeral de Política Lingüística, divulgará as experiencias positivas desenvolvidas nos centros educativos no campo da normalización lingüística.

**Artigo 20.- Inspección**

Os servizos de inspección velarán para que en todos os centros educativos se cumpra a normativa vixente sobre normalización lingüística e proporán, se é o caso, ás delegacións provinciais compentes a adopción das medidas correctoras que sexan necesarias no caso de incumprimento.

**Disposición adicional primeira.- Ensinanzas de réxime especial.**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adaptará o establecido no presente Decreto as ensinanzas de réxime especial.

**Disposición adicional segunda.-**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as linguas nas que deberán impartirse as áreas ou materias nos centros con proxectos plurilingües garantindo a proporcionalidade entre as areas ou materias impartidas en galego e castelán que se recolle no presente decreto.

**Disposición adicional terceira.- Dereitos económicos.**

Os dereitos económicos dos coordinadores dos equipos de normalización lingüística previstos no artigo 17 do presente Decreto terán efectividade do 1 de xaneiro de 2008.

**Disposición adicional cuarta.- Avaliación do grao de cumprimento do plan de normalización lingüística.**

Nos plans de avaliación dos centros educativos e nos plans de avaliación da función directiva terase en conta o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no uso e normalización da lingua galega.

**Disposición adicional quinta.**

Con periodicidade anual, despois do final do curso escolar, o Goberno de Galicia avaliará os resultados de aplicación do presente Decreto, e desenvolverá regulamentariamente cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos, a fin de achegarse gradualmente á plena aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

**Disposición transitoria**

En tanto non se desenvolva o previsto no artigo 9 seguirá vixente para as ensinanzas de bacharelato o establecido no decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística.

**Disposición derrogatoria**

Quedan derrogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido no presente Decreto, e en particular:

O Decreto 247/1995. do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

O Decreto 66/1997, do 21 de marzo, polo que se modifica parcialmente o Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

O Decreto 79/1994, do 8 de abril, sobre exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio.

**Disposición derradeira primeira.- Habilitación.**

Autorízase á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria a ditar as disposicións que procedan para o desenvolvemento e execución do presente Decreto.

**Disposición derradeira segunda.- Entrada en vigor.**

O presente Decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

# Análise comparativa

**COMPARATIVA DOS DOUS ÚLTIMOS DECRETOS RELACIONADOS COA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ENSINO**

* PROXECTO DE NOVO DECRETO: Proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a promoción do galego no ensino, no marco da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
* DECRETO VIXENTE: Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

| Proxecto de novo decreto | | Decreto vixente | Comentarios |
|---|---|---|---|
| Artigo 1º - Obxecto e ámbito de aplicación. | | | Non figura no articulado, pero si no propio enunciado do decreto. |
| Artigo 2º - Uso da lingua galega na administración educativa. | Artigo 2º - 1 | Artigo 1º - 1 | Sen modificacións. |
| | Artigo 2º - 2 | Artigo 1º - 2 | Sen modificacións. |
| | Artigo 2º - 3 | Artigo 1º - 3 e 4 | Sen modificacións. |
| Artigo 3º - Plan de formación. | | Artigo 2º | Aparece como novidade no novo decreto: *Nesta planificación, que terá unha execución gradual, fixaranse prazos e etapas, priorizándose a situación e os colectivos máis carenciais.* |
| Artigo 4º - Formación dos funcionarios en prácticas. | | | Aparece como novidade no novo decreto un curso de formación específico na fase de prácticas. |
| Artigo 5º - Horario da lingua galega. | Artigo 5º - 1 | Artigo 3º - 1 | Sen modificacións. |
| | Artigo 5º - 2 | Artigo 3º - 2 | Sen modificacións. |
| Artigo 6º - Educación infantil. | | Artigo 4º - 1 | · Aparece como novidade no novo decreto a exclusión do primeiro ciclo de educación primaria, que no vixente está incluído coa mesma regulación da educación infantil.<br>· No novo decreto cámbiase a expresión "lingua ambiental" pola de "lingua do contorno".<br>· Mantense o concepto, pouco preciso dende o punto de vista sociolingüístico, de "lingua materna".<br>· Incorpórase no novo decreto un parágrafo sobre os "contornos castelanfalantes", para os que se indica que o uso da lingua galega será como mínimo igual á da lingua castelá. |
| | | Artigo 4º - 2 | Desaparece no novo decreto o de que se atenderá de xeito individualizado a aqueles alumnos e alumnas que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante, aínda que podería entenderse integrado no artigo 13º - 4. |
| Artigo 7º - Educación primaria. | | Artigo 4º - 3 | · O novo decreto inclúe aquí o primeiro ciclo de educación primaria, que no vixente estaba incluído nas determinacións da etapa de educación infantil.<br>· Incorpora o novo decreto con carácter de obrigatorio e mínimo as áreas de Matemáticas e Educación para a cidadanía, ademais da de Coñecemento do Medio xa contemplada no vixente. Neste contemplábase como obrigatoria outra área de coñecemento, sen determinar. |
| Artigo 8º - Educación secundaria obrigatoria. | Artigo 8º - 1 | Artigo 5º - 1 | O novo decreto incorpora con carácter obrigatorio as matemáticas e a Educación para a cidadanía, ademais das Ciencias da Natureza, Ciencias sociais, Xeografía e Historia, xa contempladas no actual. |
| | Artigo 8º - 2 | Artigo 5º - 2 | · O novo decreto incorpora a obrigatoriedade de que o consello escolar, a proposta vinculante do claustro, completará o número de materias (excluíndo a materia que a LOE determina que ten carácter voluntario para o alumnado) que garanta como mínimo o cincuenta por cento da docencia en galego en cada un dos cursos. Xorden algunhas preguntas a este respecto: Se a proposta do claustro é vinculante, ¿que papel se pretende que desenvolva o consello escolar? Ademais, se o proxecto educativo inclúe o proxecto lingüístico (art. 13º) e o PEC o aproba en última instancia o consello escolar, ¿non existe unha contradición co anterior?<br>· O decreto vixente indicaba que se impartirían en galego as materias optativas de ciencias medioambientais e da saúde e, se é o caso, a optativa ofertada polo centro. |
| | Artigo 8º - 3 | | Este apartado novo indica que a ESO lle proporcionará a todo o alumnado unha boa competencia en lingua galega que repercuta de forma positiva no seu uso. |
| Artigo - 9º - Bacharelato. | | Artigo 6º - 1, 2 e 3 | · Non aparece regulado o uso da lingua galega no bacharelato, aínda que se garante que o alumnado reciba, como mínimo, o cincuenta por cento da súa docencia en galego.<br>· No decreto en vigor determinábanse as materias a impartir en lingua galega, incluíndo as optativas, e nos dous cursos. |
| Artigo 10º - Formación profesional específica. | | Artigo 6º - 4 | · O novo decreto indica que se impartirán en galego os módulos atribuídos á especialidade de formación e orientación laboral e os módulos profesionais que decida a dirección. Garantirase, como mínimo, a docencia do cincuenta por cento en galego.<br>· No decreto vixente indicábase que o alumnado recibirá en galego as áreas de coñecemento teórico-práctico que faciliten a súa integración socio-laboral. |
| | | Artigo 7º | Desaparece no novo decreto este artigo, que consideramos moi importante: Segundo o disposto no artigo 13.3º da Lei de normalización lingüística, os alumnos e as alumnas non poderán ser separados en centros nin aulas diferentes por razóns da lingua.<br>Isto está sucedendo neste momento co proxecto de introdución do galego en infantil nunha aula cando hai dúas vías no centro. |
| Artigo 11º - Ensinanzas de adultos. | | | É unha novidade do novo decreto. |
| Artigo 12º - Elaboración e publicación de materiais curriculares en galego. | Artigo 12º - 1 | Artigo 8º - 1 | O novo decreto introduce "promoverase" substituíndo a "débese procurar"; así mesmo, introduce "con carácter xeral" e especifica "como traballos de aula ou exames", que non aparecían no actual. |
| | Artigo 12º - 2 | Artigo 8º - 2 | Sen modificacións, agás que o novo decreto substitúe o adverbio "normalmente" pola expresión "con carácter xeral". |

| Proxecto de novo decreto | | Decreto vixente | Comentarios |
|---|---|---|---|
| Artigo 13º - Proxecto lingüístico do centro. | Artigo 13º - 1 | Artigo 9º | Sen modificacións. |
| | Artigo 13º - 2 | Artigo 11º (en parte) | · O novo decreto incorpora a remisión aos servizos de inspección do proxecto lingüístico antes do 30 de setembro.<br>· No decreto en vigor figura algo semellante no artigo 11º, referido á remisión dos horarios, áreas e materias impartidas en galego, así coma a relación de materiais curriculares empregados. |
| | Artigo 13º - 3 | | O novo decreto incorpora o fomento do uso da lingua nas actividades complementarias e actos do centro. |
| | Artigo 13º - 4 | Artigo 10º | Sen modificacións. |
| Artigos 14 a 16 - Exención da lingua galega. | | | A regulamentación da exención da lingua galega non figuraba no decreto vixente, senón no decreto 79/1994 (agora derrogado pola disposición derrogatoria) e na Orde do 30 de xuño do 1994, pola que se desenvolvía o antedito decreto. |
| Artigos 17 e 18 . Equipos de normalización e dinamización lingüística. | | | A regulación dos equipos de normalización lingüística figuraba nos regulamentos orgánicos dos centros e nas ordes que os desenvolven. |
| Artigo 19º - Divulgación das experiencias nos centros. | | | O novo decreto incorpora este artigo coa vontade de divulgar as experiencias positivas dos centros. |
| Artigo 20º - Inspección. | | Artigo 11º | Ambos os decretos determinan que sexan os servizos de inspección os encargados de velar polo cumprimento da normativa vixente. Véxase a anotación realizada sobre o artigo 6º do novo decreto, en relación co 4º - 2 do vixente. |
| Disposicións adicionais 1ª a 5ª | | | Abordan aspectos de: adaptación ás ensinanzas de réxime especial (pendente de regulamentación), aos centros con proxectos plurilingües, aos dereitos económicos dos/as coordinadores/as dos ENDL, aos plans de avaliación dos centros e da función directiva, así como á avaliación anual por parte do goberno de Galicia. |
| Disposición derrogatoria. | | | Derróganse todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste novo decreto, en particular: o decreto 247/1995, polo que se desenvolvía para o ensino a Lei de Normalización Lgca.; o decreto 66/1997, que modificaba algúns poucos artigos do anterior; e o decreto 79/1994, de exención da lingua galega. |

**SOBRE OS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

| Proxecto de novo decreto | | | Normas vixentes | Comentarios |
|---|---|---|---|---|
| Artigo 17º - Equipos de normalización e dinamización lingüística. | Art. 17º - 1 | · Establece que funcionará baixo a supervisión da xefatura de estudos.<br>· Formado por profesorado, representantes do alumnado, agás no ensino infantil e primario, e do persoal non docente. | Art. 82º - 1 (RO dos IES)<br>· Tres profesores, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.<br>· Tres alumnos, por proposta da xunta de delegados.<br>· Un membro do persoal non docente, por proposta dos mesmos.<br>Art. 63º - 1 (RO dos colexios de infantil e primaria)<br>· Un profesor de cada ciclo, por proposta da CC Pedagóxica. | · A novidade é o da supervisión da xefatura de estudos.<br>· Aínda que non indica o número (por quedar pendente dos novos regulamentos orgánicos, art. 17º - 4), a composición é a mesma contemplada no RO dos IES.<br>¿Suponse que nos de infantil e primaria tamén estará o persoal non docente, o que sería unha novidade?<br>· Se a súa función é para toda a comunidade educativa, ¿como non figura representado o sector das familias? |
| | Art. 17º - 2 | Os membros do equipo serán designados pola dirección do centro. | Art. 82º - 2 (RO dos IES) e Art. 63º - 2 (RO dos colexios de infantil e primaria) Os membros do equipo serán nomeados polo director/a. | Aparece a palabra 'designados', no canto de 'nomeados'. |
| | Art. 17º - 3 | O coordinador ou coordinadora do equipo de normalización e dinamización lingüística terá os mesmos dereitos administrativos e económicos que as xefaturas dos departamentos didácticos. | Este artigo é unha novidade a respecto da regulación vixente. | · ¿É aplicable tamén aos equipos dos colexios de infantil e primaria ou só aos de secundaria?<br>· Caso de ser aplicable a todos os centros (outra cousa non sería explicable), ¿a que se homologarían en infantil e primaria as xefaturas de departamento de secundaria? |
| | Art. 17º - 4 | A composición do equipos... serán establecidas nos RO. | Neste momento están establecidos nos RO vixentes e na Ordes. | Hai que agardar aos regulamentos orgánicos para ver como se recolle. |
| | Art. 17º - 5 | Os ENDL deberán ter un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de normalización nos centros. | | Esta función estaba recollida nos regulamentos orgánicos e noutras disposicións. |
| Artigo 18º - Comisión de coordinación. | | Coa finalidade de coordinar aos ENDL constituiranse comisións territoriais. | Non existían estas comisións. | Aínda que non se concreta o ámbito territorial (NEG propoñíaas que fosen comarcais), supón un avance con respecto á carencia actual de coordinación. |

· Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG do 09/08/96)
· Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instruccións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG do 02/09/96)
· Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96)
· Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02/09/97)

## Algúns comentarios

Se analizamos a comparativa dos dous textos normativos, o vixente e a proposta, non podemos esquecer a distancia que os separa, dunha ducia de anos, nin os indicadores que nese tempo puxeron de manifesto unha tendencia negativa tocante á lingua galega, especialmente no ensino.

Neste sentido, podemos concluír que a nova proposta, tendo en conta unicamente a letra, amosa algunhas melloras con relación á normativa actualmente vixente, que podemos sintetizar nos seguintes aspectos:

☞ Garántese porcentualmente o horario mínimo a impartir en galego na educación infantil.

☞ Na educación primaria equipárase o primeiro ciclo cos outros e concrétase que será a área de matemáticas a que se desenvolva tamén en galego.

☞ Con carácter xeral, amplíanse en todos os niveis os horarios mínimos a desenvolver en galego.

Porén, tendo en conta a historia máis recente da normalización lingüística no ensino, podemos tamén apuntar que:

✓ En xeral, bótanse en falta medidas para favorecer o avance e a consolidación dos proxectos lingüísticos dos centros educativos. Descansar só na boa vontade pode supoñer que o avance dun curso sexa retroceso no seguinte.

✓ Ao non definir nin universalizar procedementos que conduzan a un avance e consolidación do proceso normalizador, non se pode considerar como normativa normalizadora; trátase, como di o texto, de medidas de promoción ou paliativas de déficits na aplicación da normativa anterior.

✓ Establecer ese mínimo legal sen expectativas de avance lévao a interpretalo como máximo e a intentar ese ficticio equilibrio inestable que sempre se inclina do lado do que máis pesa (o de maior prestixio).

✓ Aínda desde a perspectiva da promoción, non incorpora un sólido soporte material e humano que dinamice e impulse avances cualitativos.

✓ A dinamización dos centros e dos equipos de normalización sería unha peza clave no desenvolvemento do proceso. A revalorización da función do/a coordinador/a precisa dunha mellor definición nos centros de primaria e non existen estímulos para o resto dos membros e persoas que se impliquen na tarefa. Os anos de atonía e despreocupación calculada non se poden superar unha vez máis apelando ao voluntarismo do profesorado. As comisións territoriais de coordinación, con funcionalidade e recursos, deberían ser o eixe desa necesaria asesoría externa dinamizadora.



✓ A formación inicial e permanente do profesorado debe variarse radicalmente. Non é posible que o profesorado siga saíndo das facultades sen un perfil claro de competencia lingüística e de coñecementos axeitados sobre sociolingüística aplicada ao ensino. Como tampouco se pode considerar apropiado o sistema de acceso do profesorado que non garante estes aspectos.

✓ Considerando que xa no decreto en vigor se lle encomendaba á inspección a responsabilidade de velar polo cumprimento da normativa e á luz dos resultados obtidos neste aspecto, que evidencian un moi elevado incumprimento nestes anos, entran serias dúbidas a respecto da idoneidade desta solución. Sobre todo se non se dota á inspección da necesaria formación sociolingüística aplicada ao ensino.

## Algunhas conclusións

Consideramos que, para lle dar resposta axeitada á situación actual, analizada dende unha perspectiva global e tomando en conta os indicadores da evolución sociolingüística dos últimos anos, polo menos dende a publicación da Lei de normalización lingüística, serían necesarias medidas moito máis avanzadas e decididas -non só no eido do ensino- para conseguirmos colectivamente a reversión da tendencia á substitución lingüística en Galicia.

Á vista deses indicadores resulta obvio que os «argumentos» daqueles sectores que aínda falan da non «imposición» do galego e que esgrimen o «perigo» da desaparición do castelán só serven para enganar á opinión pública.

De xeito especial habería que salientar o papel que algúns medios de comunicación veñen desenvolvendo na ocultación da realidade e en serviren de soporte destas posturas, mesmamente para certa acción -ou inacción- política que non asume de xeito normal algo que semella obvio: a necesidade de que o galego, o idioma propio de Galicia, sexa a lingua habitual dos seus habitantes.

En moitos casos, e de boa fe, tamén se dá a postura de que non se debe facer fincapé nos datos negativos sobre a lingua co fin de non transmitir sensacións derrotistas e favorecer a normalización. Porén, consideramos que a sociedade e os seus órganos e entidades representativas só lle poden dar solución axeitada a un problema cando realmente é consciente da súa dimensión. E o da normalización da lingua galega é na actualidade un problema de dimensións considerables, que precisa facerse explícito e require a adopción de decisións urxentes que mobilicen a sociedade. Sen lingua galega non hai Galicia.

No caso que nos ocupa, cómpre indicar que as disposicións recollidas no decreto aínda en vigor -como se dixo, non tan diferentes das propostas- nunca foron cumpridas de xeito efectivo. Se esta nova proposta constitúe un avance significativo só poderá saberse se realmente hai unha vontade de cumprimento e control sobre as medidas recollidas. Xustamente o que non existiu nos doce anos que pasaron dende a publicación do decreto vixente.

Preocúpanos que entre os aspectos xerais considerados no Plan xeral de normalización lingüística da lingua galega (aprobado no 2004) e a normativa proposta existe un enorme baleiro, sen prazos nin concreción, e para o que non se ofrecen vías de progresión nin garantías de consolidación dos proxectos.



Bótase en falta un horizonte normalizador no que se poidan contextualizar as iniciativas que, coma esta, atinxan á normalización lingüística no ensino; ese momento no que os alumnos e alumnas acadaron a competencia necesaria para que o galego sexa a lingua de ensino a todos os niveis. E preocúpanos non saber se estas iniciativas forman parte dun proceso cara a ese horizonte normalizador ou se son xa un punto de chegada.

A situación, xa que logo, vémola entre luces e sombras, mais tinguida de grises, porque tampouco podemos albiscar neste momento unha situación política que puidese posibilitar en maior medida actuacións de máis fondo calado no plano da normalización lingüística.

*Grupo de normalización lingüística de NEG. Abril do 2007.*